

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
CONCRECIÓN ANUAL
CURSO 2018/2019

1. XUSTIFICACIÓN

A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse no proxecto educativo, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación do alumnado, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

No marco do Decreto 229/2011, *do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, enténdese por atención á diversidade “o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (artigo 3). Polo que, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, transtorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

A partir desta concepción da diversidade, elabórase o Plan Xeral de Atención á Diversidade. Nel concrépanse todas as actuacións e medidas que se desenvolven no

noso IES, co fin de adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado, compensando as diferenzas individuais que poidan existir. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario, en cumprimento do disposto no artigo 4 do mencionado decreto.

As medidas e accións que se propoñen baséanse nos principios de normalización e a inclusión; a equidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación; a flexibilidade e a accesibilidade; a interculturalidade e a promoción da convivencia; a autonomía dos centros docentes e a participación de toda a comunidade educativa.

O presente documento é unha concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade e forma parte da Programación Xeral Anual. Nel inclúense as actuacións e os niveis nos que está previsto implementalas no curso 2018/2019. Calquera modificación será recollida na memoria que se elaborará ao final do curso.

2. ACTUACIONES, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE DESENVOLVERÁN NO CURSO 2018/2019

a. Medidas ordinarias:

MEDIDAS ORDINARIAS	CARACTERÍSTICAS	CURSOS NOS QUE SE APLICARÁN
Estrutura organizativa do centro	Adecuación de horarios, agrupamentos, espazos, recursos personais e materiais e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Todos os cursos
Programacións didácticas	Adecuación das programacións didácticas ao noso alumnado e contorno.	Todos os cursos
Metodoloxías	Activa, participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo. Adecuación das metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, enfoque multidisciplinar, aprendizaxe por proxectos...	Todos os cursos
Avaliación	Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.	Todos os cursos
Reforzo educativo	Medida que afecta aos elementos non prescritivos do curriculum, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.	Todos os cursos
Programas de habilidades sociais	- Programa para impartir na hora de titoría dos catro cursos da ESO. Este programa ten como finalidade dotar a todo o alumnado de estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida	1º ESO 2º ESO 3º ESO 4º ESO

	<p>escolar e social. Incluirá tamén actividades de autocoñecemento e autoestima.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programa dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas. - Programa para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. 	
<p>Exención de cursar a materia de segunda lingua estranxeira</p>	<p>Medida destinada ao alumnado que, tendo un desfase curricular, precise apoios complementarios. Debe presentar claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua.</p>	<p>1º ESO 2º ESO</p>
<p>Desdoblamento de grupos</p>	<p>Consiste en distribuír ao alumnado dun grupo-clase en dous subgrupos estables que reciben docencia ao mesmo tempo por parte de dous profesores/as distintos.</p> <p>O grupo divídese pola metade, seguindo a orde de lista.</p>	<p>Inglés: 1º ESO (todas as sesións semanais)</p> <p>Física e Química: 1º bacharelato (unha hora semanal para laboratorio, en dous grupos do nivel)</p> <p>Bioloxía e Xeoloxía: 1º ESO e 1º bacharelato (unha hora semanal para laboratorio)</p>
<p>Clases de recuperación de materias pendentes</p>	<p>Aqueles departamentos que teñan profesorado con horas dispoñibles impartirán clases de recuperación de materias pendentes, fóra do horario lectivo (pola tarde).</p> <p>No curso actual, departamentos de: Inglés, Matemáticas, Lingua Castelá e Física e Química.</p>	<p>Inglés e Física e Química: ESO e Bacharelato</p> <p>Matemáticas: 1º bacharelato (Matemáticas I e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I)</p> <p>Lingua Castelá: 3º ESO e 1º bacharelato</p>

b. Medidas extraordinarias:

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	CARACTERÍSTICAS	CURSOS NOS QUE SE APLICARÁN
Adaptacións curriculares (ACS)	As adaptacións curriculares significativas son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por una determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.	1º ESO 2º ESO
Agrupamentos flexibles	Consiste en facer desdobramentos transitorios en determinadas áreas cos alumnos e alumnas que presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.	1º ESO: LC, LG, MT 2º ESO: LC, LG, MT
Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe	Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.	1º ESO 2º ESO

3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Segundo o recollido no artigo 11.3 do Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, o equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación deste plan.

O seguimento e avaliación realizarase a partir da información recollida en:

- Xuntas de avaliación inicial, trimestrais e finais.
- Reunións de coordinación.
- Reunións tutoriais.
- Reunións de departamentos.
- CCP.
- Claustros.

Os instrumentos de recollida de información serán, entre outros, os seguintes:

- Análise dos expedientes do alumnado.
- Cuestionarios.
- Enquisas.
- Entrevistas individuais.
- Reunións co profesorado, alumnado e familias.

Os departamentos implicados na implementación das medidas recollerán nas súas respectivas memorias finais unha valoración do grao de consecución dos obxectivos de cada medida e propostas de mellora cara ao seguinte curso.

Pola súa parte, o departamento de orientación elaborará a memoria do Plan de Atención á Diversidade, establecendo as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do departamento e a memoria anual do centro.